

27 SETEMBRO

XORNADA DE LOITA

CONTRA O XENOCIDIO SIONISTA EN GAZA

**ABONDA DE COMPLICIDADE COA BARBARIE
¡O IMPERIALISMO OCCIDENTAL É O RESPONSABLE!**



O xenocidio sionista contra o pobo palestino en Gaza, e a continuación do massacre en Cisjordania, segue a arrasar decenas de milleiros de vidas. Segundo un informe de The Lancet, se contamos tódalas mortes, incluíndo as que provocaron as 70.000 toneladas de bombas lanzadas, e as causadas pola destrución do sistema sanitario e a fame negra planifi cada desde o Goberno ultradereitista de Tel Aviv, as vítimas ascenderían a 186.000 persoas, case o 10% da poboación.

Pero este xenocidio nunca sería posible sen o apoio económico, militar e diplomático do Goberno de EUA, de Biden e da súa sucesora Kamala Harris, que hai unhas semanas aprobou un novo paquete de axuda de 18.000 millóns de dólares en armamento, que se suma aos 30.000 millóns achegados desde que comezou o xenocidio.

Tampouco sen o apoio da UE, principal socio comercial de Israel, que segue facendo lucrativos negocios co Estado sionista e enviando axuda militar decisiva. E o Goberno español de Pedro Sánchez e os seus socios de Sumar, que máis aló dos discursos hipócritas, seguen mantendo relacións económicas, militares e diplomáticas con Netanyahu. Unha forma evidente de proporcionar osíxeno a un réxime que comete atrocidades cada vez máis semellantes ás do nazismo.

Fronte á barbarie sionista, millóns de traballadores e traballadoras, de mozas e estudantes, non deixamos de ocupar as rúas en centos de cidades por todo o mundo... Só un movemento así, desde abaixo, que impulse a solidariedade internacionalista con folgas obreiras, bloqueos e boicots, sinalando a complicidade das potencias occidentais, poderá evitar que medren o massacre e a limpeza étnica. Non confi amos nestes gobernos e esta diplomacia internacional podrevida que son cómplices para beneficio dos capitalistas israelís, dos seus aliados imperialistas e da industria armamentística!

Desde o Sindicato de Estudantes e Esquerda Revolucionaria chamamos a tódolos e tódalas estudantes e ao movemento obreiro a participar activamente na xornada de loita, paros e manifestacións convocadas no Estado español o 27 de setembro. Temos que encher de novo as rúas esixindo a ruptura inmediata de calquera relación co Estado xenocida de Israel.

- Organiza asembleas e Comités de Solidariedade co pobo palestino no teu Instituto, Universidade e centro de traballo.
- Organiza piquetes e mesas informativas no teu barrio.
- Participa nas manifestacións e concentracións.

Solidariedade coa loita do pobo palestí no! Abaixo o sionismo asasino!

Participa connosco nesta batalla decisiva pola humanidade



621 06 64 66 sindicatodeestudiantes@gmail.com

27 SETEMBRO

XORNADA DE LOITA

CONTRA O XENOCIDIO SIONISTA EN GAZA

**ABONDA DE COMPLICIDADE COA BARBARIE
¡O IMPERIALISMO OCCIDENTAL É O RESPONSABLE!**



O xenocidio sionista contra o pobo palestino en Gaza, e a continuación do massacre en Cisjordania, segue a arrasar decenas de milleiros de vidas. Segundo un informe de The Lancet, se contamos tódalas mortes, incluíndo as que provocaron as 70.000 toneladas de bombas lanzadas, e as causadas pola destrución do sistema sanitario e a fame negra planifi cada desde o Goberno ultradereitista de Tel Aviv, as vítimas ascenderían a 186.000 persoas, case o 10% da poboación.

Pero este xenocidio nunca sería posible sen o apoio económico, militar e diplomático do Goberno de EUA, de Biden e da súa sucesora Kamala Harris, que hai unhas semanas aprobou un novo paquete de axuda de 18.000 millóns de dólares en armamento, que se suma aos 30.000 millóns achegados desde que comezou o xenocidio.

Tampouco sen o apoio da UE, principal socio comercial de Israel, que segue facendo lucrativos negocios co Estado sionista e enviando axuda militar decisiva. E o Goberno español de Pedro Sánchez e os seus socios de Sumar, que máis aló dos discursos hipócritas, seguen mantendo relacións económicas, militares e diplomáticas con Netanyahu. Unha forma evidente de proporcionar osíxeno a un réxime que comete atrocidades cada vez máis semellantes ás do nazismo.

Fronte á barbarie sionista, millóns de traballadores e traballadoras, de mozas e estudantes, non deixamos de ocupar as rúas en centos de cidades por todo o mundo... Só un movemento así, desde abaixo, que impulse a solidariedade internacionalista con folgas obreiras, bloqueos e boicots, sinalando a complicidade das potencias occidentais, poderá evitar que medren o massacre e a limpeza étnica. Non confi amos nestes gobernos e esta diplomacia internacional podrevida que son cómplices para beneficio dos capitalistas israelís, dos seus aliados imperialistas e da industria armamentística!

Desde o Sindicato de Estudantes e Esquerda Revolucionaria chamamos a tódolos e tódalas estudantes e ao movemento obreiro a participar activamente na xornada de loita, paros e manifestacións convocadas no Estado español o 27 de setembro. Temos que encher de novo as rúas esixindo a ruptura inmediata de calquera relación co Estado xenocida de Israel.

- Organiza asembleas e Comités de Solidariedade co pobo palestino no teu Instituto, Universidade e centro de traballo.
- Organiza piquetes e mesas informativas no teu barrio.
- Participa nas manifestacións e concentracións.

Solidariedade coa loita do pobo palestí no! Abaixo o sionismo asasino!

Participa connosco nesta batalla decisiva pola humanidade



621 06 64 66 sindicatodeestudiantes@gmail.com